

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

## **CERTIFICO:**

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 1 de xullo de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

### **"6.- Convenios.**

#### **6.2.- Convenio de colaboración entre o concello de Carballo e La Voz de Galicia SA, para a celebración do Festifolk Costa da Morte 2019 (CONV. 16/2019).**

*Dáse lectura ao Convenio de colaboración entre o concello de Carballo e La Voz de Galicia para a celebración do festival Festifolk Costa da Morte 2019, que terá lugar o 13 de xullo de 2019 na Praza do Concello no que participarán diversas agrupacións de gaiteros da Costa da Morte, e como concerto final o grupo de música galega Treixadura.*

*Vista a proposta da Alcaldía de 13/06/2019, no expte. 2019/G0006/000286 (CONV-16/2019), en uso das competencias delegadas por resolución de alcaldía 1661/2019 de 17/06/19 (BOP nº 117 de 21/06/2019, nº anuncio 2019/4892), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes (6), acorda:*

**Primeiro.-** *Aprobar o convenio de colaboración entre o concello de Carballo e La Voz de Galicia para a celebración do Festifolk Costa da Morte 2019, que se celebrará na praza do Concello o día 13 de xullo de 2019, cuio texto íntegro se transcribe:*

**«CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE CARBALLO E LA VOZ DE GALICIA, S.A. PARA A CELEBRACION DO FESTIFOLK COSTA DA MORTE 2019.**

*En Carballo a 15 de maio de 2019*

### **REÚNENSE**

*Dunha parte, o Concello de Carballo, con enderezo en Praza do Concello, s/n, 15100 Carballo, con CIF P-1501900-C, e no seu nome e representación D. Evencio Ferrero Rodríguez, en calidade de alcalde do Excmo. Concello de Carballo, en adiante o Concello.*

*Doutra, La Voz de Galicia, S.A, con enderezo social en Ronda de Outeiro, 1-3 baixo, 15006 A Coruña, con CIF A-15000649, e no seu nome e representación D. Santiago Pérez Otero, en calidade de xerente desta entidade, en adiante La Voz de Galicia. Ambas partes teñen a capacidade para levar adiante este convenio e,*

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** *Que o Concello de Carballo ten entre as súas finalidades promover a realización de actividades culturais apoiando o papel doutros organismos e entidades na organización destas actividades e a celebración das mesmas en todo o municipio, co obxecto de promover a cultura, enriquecer a oferta cultural de Carballo.*

**Segundo.-** *Que La Voz de Galicia S.A. é a sociedade editora do xornal La Voz de Galicia, con forte implantación na comunidade Autónoma de Galicia e, no marco das súas actividades, realiza unha importante labor de comunicación e difusión cultural en diversos ámbitos, especialmente naqueles relacionados coa cultura galega.*

**Terceiro.-** *Que tras as conversas mantidas entre as partes, o Concello está interesado en organizar, coa colaboración de La Voz de Galicia S.A., un festival de música folk que se celebrará o sábado 13 de xullo de 2019, no marco da Programación de Verán Cultural organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Carballo.*

## CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2019/G006/000286

Por isto, e dado o interese común das partes asinantes, é polo que asinan o convenio de colaboración de acordo coas seguintes cláusulas:

### **PRIMEIRA.-Obxecto**

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Carballo e La Voz de Galicia S.A. para a organización pola Concellaría de Cultura do Concello de Carballo dun festival de música folk o 13 de xullo de 2019, o cal formará parte do programa do Verán Cultural 2019 organizado pola devandita Concellaría de Cultura do Concello de Carballo, todo elo nos termos e condicións que se establecen a continuación.

### **SEGUNDA.- Obrigas de ambas partes**

O Concello organizará un festival de música folk o 13 de xullo de 2019 en Carballo, na Praza do Concello, baixo a denominación "FESTIFOLK COSTA DA MORTE", no que participarán diversas agrupacións de gaiteiros da Costa da Morte, e como concerto final o grupo de música galega Treixadura.

Na súa calidade de organizador, o Concello de Carballo será o único responsable de realizar cantas xestións estean relacionadas coa devandita organización e asumirá os custes derivados da mesma.

Pola súa banda, La Voz de Galicia S.A. comprométese a colaborar co Concello de Carballo no deseño, planificación e coordinación do Festival, a fin de que o referido evento resulte o máis atractivo posible dende o punto de vista cultural e de ocio. En particular, La Voz de Galicia S.A. contactará e convocará as agrupacións de gaiteiros da Costa de Morte para a súa participación no Festifolk, coordinará a participación destas agrupacións nun desfile polas rúas de Carballo, e atenderá a ditas agrupacións.

Cada parte asumirá os custes das actuacións que se compromete a realizar baixo o presente Convenio, sen que proceda o abono de cantidades entre as mesmas por este concepto.

Tamén dentro das obrigas de La Voz de Galicia S.A. e do Concello de Carballo establécense as obrigas de difusión do evento que se estipulan na cláusula cuarta.

**TERCEIRA.-** O acceso aos espectáculos será gratuito e libre ata completar o aforo dispoñible segundo o espazo no que se realice a actividade.

### **CUARTA.-Difusión**

La Voz de Galicia figurará e participará como medio oficial do Festival, en virtude do cal se compromete a dar difusión ao mesmo, tanto mediante a realización da correspondente cobertura informativa previa e posterior a súa celebración como a través de insercións publicitarias. Dita condición de medio oficial será ostentada por La Voz de Galicia S.A. en exclusiva; polo tanto, o Concello non poderá conceder a ningún outro medio de comunicación tal condición de medio oficial do Festival.

La Voz de Galicia S.A. incluírá na cobertura publicitaria que o "FESTIFOLK COSTA DA MORTE" está incluído dentro do programa do Verán Cultural que organiza o Concello de Carballo.

Na súa calidade de medio oficial, La Voz de Galicia S.A. poderá realizar as seguintes actuacións: reparto de material promocional do evento ou xenérico de La Voz de Galicia S.A. e/ou instalación de elementos publicitarios no lugar de celebración. Todo elo sen perxuízo de outras accións que, no seu caso, podan convir as partes de mutuo acordo. No caso de que se realicen calquera de estas accións, La Voz de Galicia nomeará un coordinador como interlocutor co Concello para o envío, montaxe e desmontaxe do material que corresponda, previa comunicación entre La Voz de Galicia e o Concello de Carballo.

Finalmente, La Voz de Galicia S.A. autoriza ao Concello a utilizar a marca "FESTIFOLK COSTA DA MORTE" durante o período de vixencia deste Convenio e para a celebración do Festival.

O Concello de Carballo difundirá a información relativa a este programa como parte do programa Verán Cultural, indicando a colaboración de La Voz de Galicia S.A. e insertando o seu logotipo en dita publicidade. Con este fin esa información formará parte do programa de man que deseñará e editará o Concello de Carballo coa programación cultural dos meses de xullo e agosto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

*Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se realice, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración.*

*Atendendo aos gastos nos que incurrirán o Concello de Carballo e La Voz de Galicia S.A. pola execución das obrigas asumidas por cada parte ao abeiro deste convenio, ambas partes poderán incorporar patrocinadores externos ao Festival, que lles permitan cubrir parte dos gastos derivados de dita execución, sen que as aportacións destes patrocinios a cada unha das partes poidan exceder, respectivamente, a cuantía total dos gastos asumidos por cada entidade. As partes comprométese a manter unha adecuada coordinación entre as mesmas respecto das tarefas de negociación de patrocinios que leven a cabo, aos efectos de asegurarse de que ningún patrocinio negociado por calquera das partes interfere noutros acordos de patrocinio xa acadados.*

*Os signos distintivos e marcas dos patrocinadores poderán incluírse na publicidade promocional e, con carácter xeral, na comunicación que realicen La Voz de Galicia S.A. e/ou o Concello de Carballo relacionada co Festival. En caso de que calquera dos patrocinadores estivera interesado asemade en colocar publicidade estática no lugar de celebración do Festival esta última actuación deberá realizarse baixo a supervisión co visto bo do Concello e de La Voz de Galicia S.A. a fin de non interferir no propio desenvolvemento do evento. As achegas que realicen os patrocinadores cos que contrate La Voz de Galicia S.A. e o Concello de Carballo corresponderán en exclusiva a aquela das partes deste convenio que contrate en cada caso o patrocinio.*

#### **QUINTA.- -Vixencia**

*O presente convenio entra en vigor na fecha da súa sinatura e manterase en vigor en relación coa celebración do Festival "FESTIFOLK COSTA DA MORTE" do ano 2019, o cal terá lugar o 13 de xullo de 2019 sen posibilidade de prórroga expresa ou tácita algunha.*

**SEXTA.-** *O incumprimento do estipulado no presente convenio será motivo de resolución inmediata do mesmo, con independencia das indemnizacións que por danos e perdas correspondan á parte cumpridora.*

**SÉTIMA.-** *En caso de suspensión por casos fortuítos ou de forza maior como catástrofes naturais, incendios, actos vandálicos e de terrorismo que afecten ao normal desenvolvemento do espectáculo, folgas, loito nacional e avarías que afecten ao servizo ou subministración eléctrica ambas as partes poderán acordar un cambio de data ou a súa suspensión definitiva.*

#### **OITAVA.-** *Natureza, resolución de conflitos e normativa aplicable.*

*O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no art. 4 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*As discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, pola Alcaldía do Concello de Carballo, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa nos tribunais con xurisdición no municipio de Carballo para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.*

#### **NOVENA.-** *As partes sinalan como enderezo a efectos de calquera comunicación os que se indican a continuación:*

- *Concello de Carballo: Praza do concello, s.n. Carballo 15100*
- *La Voz de Galicia: Avda. de la Prensa, 84/85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña).*

*En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio por duplicado exemplar e a un solo efecto, no lugar e data indicados, recibindo cada parte un exemplar."*

**Segundo.-** *O Sr. Alcalde asinará o devandito convenio e dictará as ordes oportunas para a súa execución."*

*E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na*

**CONCELLO DE CARBALLO**

C.I.F.: P1501900C  
Praza do Concello S/N  
Teléfono 981 70 41 00  
www.carballo.gal  
infocarballo@carballo.gal  
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2019/G006/000286

data que figura ao marxe.

V. e Pr.  
O alcalde